



ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA,
DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE
Departamento de Planeamento
📄 63111I016R 📁 631/2017/159

Exp.: EDD-4/17

Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PROPOSTA DE DESISTENCIA DO PROCEMENTO DE TRAMITACIÓN DO ESTUDO DE DETALLE DE AMPLIACIÓN DE INSTALACIÓNS DO CORUÑA BRITISH SCHOOL.

I.- ANTECEDENTES DE INTERESE

1. Con data 26 de xullo de 2017 O Castro British School, S.L. presentou no rexistro municipal de Urbanismo unha solicitude de tramitación do Estudo de Detalle para ampliación de instalacións do Coruña British School.
2. Con data 18 de agosto de 2017 notificouse ao interesado a apertura do expediente e, ao propio tempo, requiríuselle para que, nun prazo máximo de dez días emendara a solicitude coa achega da documentación acreditativa da lexitimación para a formulación do instrumento de planeamento, tal e como esixe o artigo 159 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, así como a achega do poder de representación do promotor do expediente por algún dos medios previstos no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC/15) Na notificación advertíase de que, de non presentala, se lle entendería desistida da súa petición, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPAC/15.

II.- MOTIVACIÓN DA DESISTENCIA

Os artigos 80.1 da LSG/16 e 194.1 do RLSG/16 sinalan que os estudos de detalle poderán ser formulados polos "particulares lexitimados para facelo". De conformidade co disposto no artigo 66.b) da LSG/16, o artigo 159.2 do RLSG/16 establece que os propietarios ou propietarias interesados deben

presentar un documento no que se acredite fidedignamente a aceptación da proposta de planeamento das persoas propietarias que representen mais do 50% da superficie do ámbito de planeamento.

Para o caso de actuación mediante representante, o artigo 5.5 da LPAC/15 sinala que o órgano competente, para a tramitación do procedemento, deberá incorporar ao expediente administrativo acreditación de tal condición e dos poderes que teña recoñecidos nese momento, por calquera dos medios citados no artigo 5.4 da LPAC/15.



Dado que o promotor non cumprimentou o requirimento de emenda notificado o 18.08.17, cómpre telo por desistido da súa petición, de conformidade co disposto no artigo 68.1 LPAC/15, previa resolución que deberá de ser ditada nos termos previstos no seu artigo 21, que dispón que nos casos de prescrición, renuncia do dereito, caducidade do procedemento ou desistencia da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra en cada caso, coa indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

III.- COMPETENCIA

É competente para acordar a desistencia da solicitude de tramitación do estudo de detalle a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, de conformidade coa modificación introducida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Polo exposto, elévase á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación se procede, a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Ter por desistido a “O Castro British School, S.L.” da súa solicitude de tramitación do procedemento de aprobación do Estudo de




ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA,
DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE
Departamento de Planeamento
63111I016R 631/2017/159

Detalle para ampliación de instalacións do Coruña British School, ao non ter presentada a documentación acreditativa da lexitimación para a presentación do instrumento de planeamento así como o poder de representación e declarar concluso o procedemento.

SEGUNDO.- Notificar o acordo ao promotor do estudo de detalle, comunicándolle asemade os recursos pertinentes.


A Coruña, 20 de decembro de 2017

O Xefe do Departamento de
Planeamento,



Óscar L. Peña Sánchez

O Xefe de Servizo de
Planeamento
e Xestión do Solo,



Juan Carlos Prado del Valle


Conforme,
O Director da Área de
Rexeneración Urbana



Hipólito Pérez Novo

V. e pr.

O tenente de alcalde de
Rexeneración urbana e dereito á
vivenda



Xiao Varela Gómez

A/O concelleira/o-secretaria/o da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o

29 DEC. 2017, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE SOSTIBLE

Servizo de Planeamento

Asunto: "Proposta de desistencia do procedemento de tramitación do estudo de detalle de ampliación de instalacións do Coruña British School"

Previa deliberación, de conformidade co informe-proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

PRIMEIRO.- Ter por desistido a "O Castro British School, S.L." da súa solicitude de tramitación do procedemento de aprobación do

La/El concejal/a-secretaria/o de la Junta de Gobierno Local, de conformidad con el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, CERTIFICO:

Que la Junta de Gobierno Local, en sesión ordinaria celebrada el

29 DEC. 2017, adoptó, entre otros, los siguientes acuerdos:

ÁREA DE REGENERACIÓN URBANA, DERECHO A LA VIVIENDA Y MOVILIDAD SOSTENIBLE

Servicio de Planeamiento

Asunto: "Propuesta de desistimiento del procedimiento de tramitación del estudio de detalle de ampliación de instalaciones del Coruña British School"

Previa deliberación, de conformidad con el informe-proposta que consta en el expediente y del que se dará traslado, en todo caso, con la certificación/notificación del presente acuerdo, en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:

PRIMEIRO.- Tener por desistido a "O Castro British School, S.L." de su solicitud de tramitación del

- 2 -

Estudo de Detalle para ampliación de instalacións do Coruña British School, ao non ter presentada a documentación acreditativa da lexitimación para a presentación do instrumento de planeamento así como o poder de representación e declarar concluso o procedemento.

SEGUNDO.- Notificar o acordo ao promotor do estudo de detalle, comunicándolle asemade os recursos pertinentes.

E para que conste, expido a presente certificación, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta.

A Coruña,

procedimiento de aprobación del Estudio de Detalle para ampliación de instalaciones del Coruña British School, al no tener presentada la documentación acreditativa de la legitimación para la presentación del instrumento de planeamiento así como el poder de representación y declarar concluso el procedimiento.

SEGUNDO.- Notificar el acuerdo al promotor del estudio de detalle, comunicándole al mismo tiempo los recursos pertinentes.

Y para que conste, expido la presente certificación, a reserva de los términos definitivos en los que quede redactada el acta.

A Coruña,

A Coruña

29 DIC 2017

M.^a Eugenia Vieito Blanco

